

NOTA INFORMATIVA

Proceso selectivo de acceso por oposición libre PR461B

Convocatoria DOG: Xoves 13 de xuño de 2024.

Anuncio BOE: Venres, 28 de xuño de 2024.

Número de prazas ofertadas: **84**

Prazo de solicitudes do **1 ao 29 de xullo de 2024, ambos inclusive**.

Requisitos: (Base 2.1)

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ter feitos os dezaioito anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión da titulación académica de bacharel ou equivalente.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo nin inhabilitado.
- f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.
- g) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.
- h) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidos.
- i) Presentación dun informe de saúde no que se faga constar que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e psíquicas para realizar os exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición. Este informe de saúde debe ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.

Taxas:

- Importe 33,13 €
- deberase aboar dentro do prazo de presentación de solicitudes cos seguintes códigos
 - o Consellería: Código **04**
 - o Delegación: Servizos centrais. Código **13**
 - o Servizo: Academia Galega de Seguridade Pública. Código **19**

- Denominación: inscrición nos procesos selectivos para a selección de persoal dos corpos da Policía Local de Galicia. Código **30.03.04**

As circunstancias de exención, bonificación e devolución das taxas deberán ser acreditadas segundo o disposto nas bases:

- Exencións: **0,00 €** (Base 3.3.2 a))
- Bonificación do 50% da taxa: **16,57 €** (Base 3.3.2 b))
- Devolución de taxas (Base 3.3.3)

Desenvolvemento do proceso:

- Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- Relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas.
- Probas selectivas:
 - Proba de avaliación de coñecementos (tipo test 100 preguntas).
 - Proba de avaliación de coñecemento da lingua galega (só no caso de non estar exento). Estarán exentos os que teñan o nivel Celga 4 ou equivalente. Recoméndase que acheguen o certificado xunto coa solicitude.
 - Probas de aptitude física:
 - Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos
 - Proba de potencia de tren superior: flexión de brazos (homes) e suspensión en barra (mulleres).
 - Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal
 - Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.
 - Proba de natación: 25 metros estilo libre.
 - Probas psicotécnicas:
 - Proba de intelixencia.
 - Proba de personalidade.
 - Entrevista.
 - Recoñecemento médico.
- Relación de persoas aprobadas e lista de reserva.
- Elección de praza